Grace Schwindt

O emperador e a nena, 2016

Había unha vez un emperador moi poderoso, non tanto como para non lle importar, pero o suficiente como para aburrirse. Un día embárcase nunha aventura. Diríxese á beira e mira cara ao mar. Vai todo ataviado coa súa toga, cunha formalidade moi medida, pouco apropiada para esa paisaxe.

Alcanza a beira e ve unha muller sentada sobre unha rocha. É fermosa, ten o pelo negro e longo; namórase ao instante. Obsérvaa durante un momento; está completamente inmóbil, nin sequera o seu cabelo se move. Cre que está encantada e, decidido a romper o feitizo para que sexa súa para sempre, chámaa e pregúntalle que ten que facer para liberala. Ela indica que debe atopar unha pequena barca de pesca e remar ata o horizonte; unha vez alí, saberá o que ten que facer. Ao pouco atopa a barca, métea na auga e comeza a remar. Rema noite e día, e no sétimo día de súpeto alcanza os límites do mar. O mar remata nunha liña ben definida e a continuación, comeza un espazo negro; nada existe nel, nin ceo, nin aire, nin criaturas, nin plantas, nin son. Está baleiro e non ten fin. O emperador decide que este debe ser o horizonte. Nese preciso instante a barca e os remos convértense en pedra e escórrense pola calma superficie da auga, que se pecha inmediatamente tras o seu paso. A barca e os remos afúndense rapidamente e axiña acaban por desaparecer por debaixo del. Paseniño, o emperador afúndese cara ao fondo do mar. Toma aire, a súa boca permanece aberta. Sente calor dende o interior. Cae sobre unha rocha e séntese un todo con ela. Nota como se move lixeiramente dende o interior; semella que hai alguén dentro. Non ousa mirar. Sente pequenos movementos baixo os seus pés. A superficie da pedra parece de carne, húmida, branda.

Ao mesmo tempo, unha nena esperta cedo pola mañá, pon o seu sombreiro favorito, con bordados, quédalle un pouco frouxo. Ten un lazo de seda branco no lado esquerdo e outro de seda azul claro no outro; anóao ao pescozo cunha pequena lazada. Sempre empeza o día falándolle á súa avoa morta. Hoxe pregúntalle por que a xente non se mira aos ollos, senón vagamente os uns aos outros. Non se pode apreciar amor nin odio nas súas caras. Como de cotío, non recibe resposta. Garda a súa pedra negra no peto. Lévaa dende hai un tempo por se lle dá boa sorte. Adoitaba levar unha gris verdoso pero non semellaba funcionar. Cre que vai cambiar a negra axiña. Sae da casa e empeza a camiñar cara ao mar. As súas pernas longas e desgairadas dan a sensación de que camiña moi rápido para o seu tamaño. Pisa as follas mortas. As árbores parecen negras, coma se estivesen queimadas. É mediodía, as árbores a esta hora adoitan ter máis cor. Toca a pedra negra, acaríciaa ata que se pon morna.

Hoxe, como cada día, busca alguén con quen falar da súa avoa. Necesita comprender por que remata a vida. Ao lonxe ve unha muller camiñando cara ao mar. Cando chega, a muller axeónllase e introduce un pano branco na auga. A cativa observa como o lava, o escorre e o coloca coidadosamente sobre a area. A continuación, a muller érguese e afástase. A nena vai cara a ela, pero desaparece na distancia, xírase cara ao pano. Durante un instante, ambas as dúas semellan dirixirse a unha cara á outra, a unha tras a outra; parecen superpoñerse.

A nena chega ao pano escorrido, recólleo e gárdao no peto. Gústalle a sensación da auga filtrándose polo abrigo, polo vestido, ata que alcanza a súa pel deixándoa branda, ao instante.

Necesita atopar alguén a quen lle contar toda a longa verdade, se non o consegue, entón decide que os seus beizos non se abrirán endexamais. Estivo a pensar tanto acerca do verdadeiro propósito real de morrer, que a soa imaxe da cara de alguén que non comprende os seus pensamentos lle provoca un arrebato escuro no seu interior. Se polo menos puidese contalo unha vez, dende o máis afastado inicio dos seus pensamentos ata este preciso instante, contalo aliviaría a dor aguda do seu corazón, pero cre que ninguén a escoitaría ou entendería. Vólvese insensible, cada músculo do seu corpo endurécese, ténsase.